

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 18 de maio de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,00 horas do día dezaioito de maio de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(541).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do once de maio de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(542).- DAR CONTA DAS SENTENZAS REMITIDAS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

- a) Sentenza do TSXG, sala do Contencioso-Administrativo, sección 2<sup>a</sup> no RC-A nº 02/4906/1994. Obxecto: acordo do Concello de Vigo do 20.06.94 sobre modificación E.D. UE-104. AUTO DO 24.02.2012. Auto firme que fixa a indemnización na cantidade de 9.000,00 €. Expte. 3104/111.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 80/2012. Demandante: D. ROBERTO AMIGO GARCIA. Obxecto: sanción de tráfico (uso teléfono móbil). Sentenza firme que desestima o recurso, con custas de oficio. Expte. 7258/111.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 11/2010. Demandante: AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO. Obxecto: PLU suspensión cautelar. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 5827/111.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 16/2010. Demandante: D. VICTOR MORENO GONZALEZ. Obxecto: caída ó atravesar a rúa. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6044/111.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 132/11. Demandante: D. MANUEL LOPEZ PAMPIN. Obxecto: transmisión de licenza de autotaxi nº 228. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6623/111.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 194/11. Demandante: FCC,S.A. Obxecto: revisión de prezos do contrato do servizo de RSU e limpeza. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6704/111.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 38/10. Demandante: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ANGELES RODRÍGUEZ BERNARDEZ Obxecto: caída na vía pública. Sentenza non firme que estima parcialmente o recurso e condena ao Concello ó pago de 16110,24€ mais xuros. Expte. 5972/111.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 343/11. Demandante: D. PABLO ALVAREZ GONZALEZ. Obxecto: sanción de tráfico, condución temeraria moto. Expte. 7235/111.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 25/12. Demandante: R.C. CELTA DE VIGO, S.A.D. Obxecto: requirimento de pagamento de consumo eléctrico E. Balaidos. Auto que acepta o desestimento da actora. Expte. 7186/111.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 166/11. Demandante: D. LUIS ROBERTO ALVAREZ MARTÍN. Obxecto: accidente na proba ciclista. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6666/111.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 107/2011. Demandante: D<sup>a</sup> CRISTINA BARREIRO COSTAS. Obxecto: caída na vía pública. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 6934/111.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(543).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO. ALTA EXPTE. 1488/25.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 3.05.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D<sup>a</sup>. M. Carmen Diaz Garcia. Expte.1488/25.

**4(544).- DAR CONTA DO EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE POLÍTICA DE BENESTAR NOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2012. EXPTE. 73064/301.**

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no departamento de Política de Benestar nos meses de marzo e abril de 2012, segundo informe da técnica de Servizos Económicos.

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
24/04/12	COMBUSTIBLES E CARBURANTES	2210300	201200022344	4.000,00	VARIOS
04/04/12	CORREO POSTAL	2230000	20120001839	6.000,00	VARIOS
16/04/12	PUBLICIDAD AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES	2260200	201200020133	9.241,35	AGUA DE MAYO MARKETING
17/04/12	TARXETA PREPAGO BONO – TAXI	2279900	201200020138	2.000,00	NOVAGALICA BANCO
23/03/12	PREVENCIÓN E APOIO PROCESOS TERAPÉUTICOS	2279908	201200017164	15.000,00	MADRO
16/04/12	OBRADOIROS “NON PASA NADA, PASA ALGO” 6 CENTROS	2279908	201200019832	4.680,00	MADRO
16/04/12	OBRADOIROS “NON PASA NADA, PASA ALGO” IES BEADE 2º TRIM.	2279908	201200019833	1.080,00	ERGUETE
16/04/12	OBRADORIO “MAIS QUE UN TEITO” 4 CENTROS ESCOLARES	2279908	201200019834	1.700,00	ERGUETE
23/04/12	PROGR. PREVENTIVO “INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN” EN 8 CENTROS	2279908	201200022139	4.320,00	ERGUETE
13/04/12	PROGR. AUTONOMIA PERSOAL	2279909	201200019548	6.010,12	DOWN VIGO
23/04/12	ORGANIZACIÓN E TRABALLO SOCIAL	2279909	201200022141	19.295,67	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.
25/04/12	SERVIZOS AUXILIARES NO DISPOSITIVO DE FRIO	2279909	201200022875	18.263,49	CICLO GRUPO, 5, S.L.
25/04/12	RESERVA 4 PRAZAS CRPL DOA	2279909	201200022944	7.000,00	ASOC. DOA
24/04/12	SERVIZO TRADUCCIÓN SIMULTANEA	2279917	201200022734	9.121,08	DUALIA TELETRADUCCIONES, S.L.

**5(545).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U.” POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO DURANTE O MES DE ABRIL DE 2012. EXPTE. 72930/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 4.05.2012, conformado polo xefe de área de

Benestar Social e pola concelleira delegada da área de Política de Benestar, e co informe do Interventor Xeral do 9.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.399,67 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, pola prestación dos servizos do programa de redución do dano en medio aberto durante o mes de abril de 2012.

2.- Imputar o gasto de 5.399,67 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, minorando dito importe do RC 201200019419 de 26.998,35 euros.

**6(546).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA “FUNDACIÓN ALDABA” POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA DURANTE O MES DE ABRIL DE 2012. EXPTE. 72941/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 4.05.2012, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área de Política de Benestar, e co informe do Interventor Xeral do 9.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 euros, a favor de “FUNDACIÓN ALDABA”, Cif. G-82453606, pola prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia durante o mes de abril de 2012

2.- Imputar o gasto de 41.960,43 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia”, minorando dito importe do RC 201200019411 de 83.920,86 euros.

**7(547).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE, ANO 2012. EXPTE. 73032/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Política de Benestar, do 8.05.2012, conformado pola concelleira delegada da área de Política de Benestar, e co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERIA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE. ANO 2012

2.-Facultar á Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para a adhesión e aceptación das bases reguladoras contidas no dito convenio.

**8(548).- PRÓRROGA DAS ACTUAIS AUTORIZACIÓNS PARA OCUPACIÓN DAS PRAIAS CON POSTOS DE TEMPORADA PARA A TEMPORADA 2012 (1DE XUÑO-30 SETEMBRO). EXPTE. 2618/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 14.05.2012, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º Prorroga-las actuais autorizacións para ocupación das praias con postos de temporada para a temporada 2012 que comprende dende o 1 de xuño e 30 de setembro, ós seguintes adxudicatarios e polos importes que se indican para cada quiosco, unha vez incrementado co IPC correspondente:

Marta Lorenzo Barrera, posto 6, por importe de 24.435,78 euros  
Mónica González Francisco, postos 3, 5, 7 e 8 por uns importes respectivos de 10.530,28 euros, 14.327,91 euros, 30.581,81 euros e 30.581,81 euros.

2º.- O concello reservase o dereito de autorizar a instalación doutras instalacións desmontables nos días que se prevexan grandes concentracións de persoas (festival aéreo etc). O número máximo de días que se permitirá estas autorizacións será de 5 días en toda a temporada.

**9(549).- ALLEAMENTO DE EMBARCACIÓN 8-VI-5-5-11, QUE SE ATOPA NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 4070/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 16.04.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear a embarcación pneumática, matrícula 8-VI-5-5-11, que se atopa no Servizo de Extinción de Incendios, por un importe mínimo de 50 euros, presentando oferta en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello, que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D. ...., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado do procedemento para o alleamento da embarcación pneumática matrícula 8-VI-5-5-11, que se atopa no Servizo de Extinción de Incendios, fai constar o seguinte:

1.- Propón como prezo para a compra da embarcación o de ..... euros.

2.- Que se fará cargo dos gastos de recollida e traslado da mesma, e presentará o xustificante do abono do prezo antes da súa retirada (nun prazo máximo de dez días dende a data de notificación do acordo de adxudicación).

Lugar, data e sinatura do licitador.”

### **10(550).- ALLEAMENTO DE CHATARRA PROCEDENTE DO TALLER DE ELECTROMECÁNICOS. EXPTE. 4103/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 4.05.2012, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear a chatarra depositada no Parque Central de Servizos, consistente en:

- Aluminio (brazos etc) , cun peso aprox. de 1.000 kgs.
- Cobre co seu aillamento (mangueira, condutor, etc), cun peso total estimado de 500 kgs. A pesaxe efectuarase co cable no seu estado actual, polo que a retirada do illamento e outros procesos serán a cargo do adxudicatario.
- Ferro (báculos columnas etc), cun peso estimado de 17.000 kgs.
- Fundición (columnas, brazos e soportes), cun peso estimado de 3.000 kgs.
- Luminarias cun peso estimado de 3.000 kgs.
- Reactancias e distinto aparelaxe cun peso estimado de 2.5000 kgs

Inxerir anuncio no perfil do contratante do concello de Vigo para solicitar oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- ▣ As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia).
- ▣ Non se fixa tipo de licitación.
- ▣ Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.
- ▣ A pesaxe efectuarase no Parque Central, utilizando a súa báscula. O cable pesarase no seu estado actual, polo que a retirada do illamento e outros procesos será a cargo do adxudicatario.
- ▣ A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que o Parque Central autorice puntualmente un horario distinto por razóns xustificadas.
- ▣ O adxudicacións farase por materiais independentes e será para o licitador que oferte un prezo máis alto .

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D. ...., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado do procedemento para o alleamento de chatarra do Taller dos servizos Electromecánicos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integramente as condicións para o alleamento.

2.- Propón como prezos os seguintes:

- Aluminio (brazos etc) ..... euros/kg.,
- Cobre co seu aillamento ..... euros/kg.
- Ferro (báculos columnas etc) ..... euros/kg.
- Fundición (columnas, brazos e soportes) ..... euros/kg.
- Luminariaias ..... euros/kg.
- Reactancias e distinto aparelaxe ..... euros/kg.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

**11(551).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A COVSA, CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ E NA RÚA MANUEL COMINGES. EXPTE. 1339/440.**

Visto o informe do interventor xeral, do 9.04.12, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 10.04.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a COVSA as fianzas de 11.526,04 e 13.057,66 € constituídas para responder das obras en Cesáreo Vázquez e Manuel Cominges xa que foron mediante acta de 24.11.10, por se recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**12(552).- MEMORIA DO PROXECTO “ABRINDO PASO Á INNOVACIÓN” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA CONVOCADO POLA “FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA”. EXPTE. 8853/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.05.2012, conformado polo concelleiro delegada de Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar á memoria do Proxecto “**Abrindo paso á Innovación**” presentado polo servizo de Participación e Atención Cidadá para a súa remisión ao programa convocado pola “Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología”, por un importe total de 58.808,50 € para desenvolver as accións explicitadas na memoria do proxecto, cantidade na que 35.333,10 € (60,00 % do total) e a correspondente á aplicación da “Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología” e 23.555,40 € (40,00 % do total) e o que lle corresponde de cofinanciación ao Concello de Vigo
- Solicitar da “Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología” unha axuda de 35.333,10 €, consistente no 60,00 % do importe total do proxecto.
- En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f)

(segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2012 e 2013 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento municipal do Proxecto, en contía de 23.555,40 € (40,00 % do total) , que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.

- O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).
- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello de Vigo na tramitación de subvención diante da “Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología”.

**13(553).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA E O CONCELLO PARA O MANTEMENTO DO “PUNTO INFORMA” E A REALIZACIÓN DUN TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA DURANTE O ANO 2012. EXPTE. 5412/224.**

Retirado da orde do día.

**14(554).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA E PERCUSIÓN TRADICIONAL, DENDE O 1.10.2011 ATA O 31.12.2011. EXPTE. 19398/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 21.12.2011, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de xestión da Escola Municipal de Danza e Percusión Tradicional fixando o mesmo, a partir do 1/10/2011 ata o 30/09/2012 en 133.432,00€ ano.

2.- Recoñecer a empresa adxudicataria pola actualización do prezo do contrato a cantidade de 1.029,6€ polo período transcorrido entre o 01/10/2011 e o 31/12/2011. O importe deste gasto imputarase á aplicación orzamentaria 3380.2279901 do vixente orzamento.

3.- Recoñecer a empresa adxudicataria pola actualización do prezo do contrato a cantidade de 2.402,4€ polo período transcorrido entre o 01/01/2012 e o 30/09/2011. O importe deste gasto imputarase á aplicación orzamentaria do orzamento 2012.



**15(555).- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO QUIOSCO UBICADO NOS XARDÍNS DA ALAMEDA DE COMPOSTELA. EXPTE. 19419/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Patrimonio, do 30.04.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola concelleira delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Declarar extinguida, polo transcurso do prazo polo que foi outorgada, a autorización administrativa provisional e en precario da Comisión Municipal Permanente do 14 de xaneiro de 1975 concedida a D. Jesús Rodríguez Albor para a instalación dun quiosco de venda de cebo nos xardíns da Alameda de Compostela (antes Avda. Felipe Sanchez) desta cidade de Vigo.

SEGUNDO.- Requirir a D. Jesús Rodríguez Albor para que no prazo de quince días, a contar dende o recibo da presente notificación, proceda á retirada do quiosco da súa propiedade do xardín da Alameda de Compostela, debendo comunicar ó Departamento Municipal de Xardíns a súa realización para o correspondente control e seguimento deste.

TERCEIRO.-Apercibirille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederáse por esta Administración á execución forzosa do ordeado, mediante execución subsidiaria por medios municipais, consonte o previsto na Lei 30/92 de RXAP e PAC, correndo do seu cargo tódolos gastos que se orixinen.

CUARTO.- Delegar no Concelleiro Delegado da Area de Distritos, Parques, Xardíns e Limpeza, a execución forzosa do acordado, debendo adoptar as resolucións necesarias para seu debido cumprimento.

**16(556).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA MERCANTIL TAELO, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E MANTEMENTO DA REDE TRUNKING DE COMUNICACIÓN, MESES DE XANEIRO E FEBREIRO 2012. EXPTE. 35507/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Superintendente xefe da Policía Local, do 15.03.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, e co informe do Interventor Xeral do 26.03.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 11.862,19 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de xaneiro e febreiro de 2012, segundo factura N<sup>o</sup>. TR80018/12, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.

**17(557).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 97/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, NO PROCEDIMENTO 397/2011, EN CONCEPTO DE CANTIDADES (Mª EUGENIA CRUZ LORENZO). EXPTE. 23079/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 24.04.2012, conformado polo xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 8.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

**“PRIMEIRO.-** Tomar razón da sentenza nº 57/2012 e proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 77/2012 do Xulgado do Social Nº 1 dos de Vigo, no procedemento 397/2011, sobre recoñecemento cantidades, nos autos seguidos a instancia de Dª Mª Eugenia Cruz Lorenzo, con DNI 1174954-E de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010, por importe de 9.643,66 € de principal.

**SEGUNDO.-** Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (651,86 €) e IRPF (1.446,54 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 0007712. **(7.545,25 €)**

**TERCEIRO.-** Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

**CUARTO.-** Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

**18(558).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE OFICIAL CARPINTEIRO CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2008. EXPTE. 23098/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 15.05.2012, conformado polo xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

**“Primeiro.-** Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a unha praza vacante de oficial carpinteiro ao aspirante que superou todos os exercicios e obtivo a máxima puntuación nas probas selectivas de que constou esta oposición, nos termos e condicións da documentación aportada polo aspirante e relacionada no informe-proposta que antecede, así como do teor literal da resposta do Ministerio de

Administracións Públicas (Secretaría de Estado para a Función Pública, Dirección Xeral da Función Pública, documento administrativo nº 120047247, con entrada no rexistro xeral o 20/04/2012) á consulta formulada polo Concello de Vigo, sempre nos termos da proposta realizada polo órgano de selección designado ao efecto, contida na acta de 14 de decembro de 2011:

- **D. FERNANDO RAMÓN DE EVAN FARIÑA, NIF 36.093.826-H, que obtivo un total de 14,70 puntos.**

O aspirante nomeado deberá ser contratado en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da notificación do presente acordo.

**Segundo.-** Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato laboral de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo completo, nos termos e condicións da fundamentación xurídica do informe-proposta da xefatura do Servizo de Recursos Humanos emitido en data 15/05/2012.

A tal efecto, dispónse expresamente o sometemento a condición resolutoria do presente acto administrativo de nomeamento, de xeito tal que, de non concorrer as circunstancias previstas nos fundamentos xurídicos do presente acordo, devirá ineficaz tanto o nomeamento como os actos subseguintes e derivados do mesmo, debendo incorporarse en tal senso cláusula expresa no texto do documento contractual laboral para a súa sinatura e voluntaria asunción por ambas partes contractuais.

**Terceiro.-** O presente acordo notifíquese ao interesado, Xefatura da Área de Réxime Interior, técnico de Organización e Planificación, Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, Intervención Xeral Municipal e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo publicarse no diario oficial que corresponda.”

#### **19(559).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM RELATIVA AO FONDO EDIFICABLE NAS ORDENANZAS 3 E 4, VERSIÓN V.1. EXPTE. 13145/411.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 25.04.2012, conformado polo xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico e pola Xerente de Urbanismo, e co dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo do 11.05.2012I, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a Modificación puntual n.º 4 do PXOM, relativa ao fondo edificable nas Ordenanzas 3 e 4, versión v.1, formulada de oficio pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e redactada polos servizos técnicos e xurídicos da XMU con data de xaneiro de 2012.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, e dar audiencia simultaneamente polo mesmo prazo aos municipios limítrofes.

Ao mesmo tempo, recabar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

TERCEIRO: Aos efectos do art. 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que as parcelas afectadas pola modificación proposta son as que se rexen polas Ordenanzas 3 e 4, matizando que consonte a normativa de aplicación en todo caso poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, que en todo caso respectarán as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no art. 120.1 do RPU, en relación co art. 77 da LOUGA.»

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

**20(560).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO PROXECTO EXPROPIATORIO DA “ACTUACIÓN ILLADA Nº 2 DO PEPRI DE BOUZAS APROBADO DEFINITIVAMENTE O 11.11.2011 POLA XGL. EXPTE. 227/413.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 3.05.2012, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e pola Xerente de Urbanismo, e co dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo do 11.05.2012l, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Corrixir os erros materiais advertidos nas páxinas 5 e 22 do Proxecto Expropiatorio por taxación conxunta da «ACTUACIÓN AILLADA N.º 2» do PEPRI de Bouzas, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 18.11.2011, facendo constar correctamente os apelidos de D.<sup>a</sup> María Consuelo Márquez González, copropietaria da Parcela n.º 7 sita en rúa Alfolés, 10.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada, con indicación de que o mesmo non é susceptible de recurso».

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

**21(561).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO VERBUM NOS MESES DE XANEIRO A ABRIL DO 2012. EXPTE. 2128/340.**

Retirado da orde do día.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

### **22(562).- PROXECTO DE RUTAS MEDIOAMBIENTAIS NAS ILLAS CIES PARA O MES DE MAIO DE 2011.EXPTE. 8569/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente, do 11.05.12, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, co fiscalizado de conformidade da xefa de do servizo de Fiscalización, do 15.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de rutas medioambientais nas Illas Cíes para o mes de maio de 2011, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 10 de maio de 2012, que recolle catro actividades nas Illas Cíes para un total de 600 participantes, que se desenvolveran en dúas actividades de voluntariado ambiental os fines de semana do 19-20 de maio e do 26-27 de maio, e dúas visitas guiadas ao Parque os días 20 e 27 de maio de 2012.

O orzamento total das actividades ascende a 15.780,00 euros, dos cales 12.980,00 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.08 “Programa Camiño a Camiño” e a súa bolsa de vinculación minorando a partida 1720.227.99.00 “Estudos previos e proxectos” polo importe de 12.980 euros, sen que a utilización desa partida da bolsa de vinculación afecte ao normal funcionamento do servizo; e o importe de 2.800,00 euros (transporte marítimo ás Illas Cíes) con cargo ao RCM núm. Operación 201200010105 da partida orzamentaria 1720.227.99.08.

**Segundo.-** Aprobar o prezo que debe achegar cada participante para as dúas visitas guiadas, que ascende a 6 euros por participante, a excepción dos menores de doce anos que non pagan, de conformidade co estudo técnico que se contén no programa.

**Terceiro.-** A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

**Cuarto.-** Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

### **23(563).- MODIFICACION DE PUNTOS NO ANEXO II DOS CONVENIOS ASINADOS COS AXENTES SOCIAIS DENTRO DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 8675/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá, do 10.05.12, conformado polo concelleiro de Emprego e Participación Cidadá, e co informe xurídico do secretario de Administración Municipal, do 24.05.2012, a Xunta de Goberno local presta a súa conformidade o seguinte informe:

“Con data 20 de febreiro de 2012 asínanse os convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e os axentes sociais, para a execución do proxecto Imos Traballar 2. Os Convenios que teñen unha duración de 24 meses dende a sinatura do convenio coas entidades colaboradoras e cos axentes sociais e foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 17 de febreiro de 2012 por un importe total de 791.442,74 € de acordo coa seguinte distribución por anualidades.

Entidade/ Axente social	Anualidade 2012	Anualidade 2013	TOTAL
AJE	35.507,18	37.766,46	73.273,64 €
APE	33.849,00	34.245,00	68.094,00 €
CCOO	84.401,14	71.923,56	156.324,70 €
CEP	91.121,96	89.979,04	181.101,00 €
CIG	70.345,44	85.979,26	156.324,70 €
UGT	70.345,44	85.979,26	156.324,70 €
<b>TOTAL</b>	385.570,16 €	405.872,58	791.442,74 €

O gasto poderá imputarse contra a partida 2410 48900005 xerada para esta anualidade de 2012 A subvención foi concedida por un importe total do proxecto de **1.662.896,87 €**, dos que o 80% corresponde a financiación do FSE (1.330.317,50€) e o 20% é cofinanciado polo Concello de Vigo (332579,37€).

Dentro das cláusulas e concretamente na terceira especificase que :

*“A entidade ....., poderá subcontratar ata un máximo do 80% da contía global da subvención concedida polo Concello de Vigo para desenvolver as diferentes actividades descritas no Anexo I deste convenio, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 29 da Ley General de Subvenciones (Ley 38/2003) de 17 de novembro.*

*Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:*

- *Que o contrato se celebre por escrito*
- *Que a autorización do mesmo se actorice previamente pola entidade concédente da subvención coa obriga de axustarse ao procedemento de contrato establecido no texto marco que se acompaña como Anexo II.”*

Así mesmo cabe subliñar que neste Anexo II de modelo de licitación para a subcontratación con outras empresas, existen dous apartados que dan lugar a problemas coas empresas e coa súa licitación así como, coa xustificación destes contratos perante o organo fiscalizador da concesión da subvención, o Ministerio Hacienda e Administracións Públicas.

Tras varias reunións os distintos axentes sociais por escrito da UGT e en nome de todos eles propoñen a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, modifique o citado anexo II e concretamente nos puntos 5.1, 5.2, 7 e 8.

...

## **5.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS O DE LAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

1. **Fecha límite de presentación: 7 días naturales a contar desde el día siguiente al de la publicación del anuncio en el faro de Vigo.** Si el último día del plazo coincidiera en domingo o festivo, se prorrogará el plazo hasta el primer día hábil siguiente.
2. **Documentación a presentar:** La documentación se presentará en sobre cerrado, lacrado y deberá tener la inscripción en el anverso "Para participar en concurso de presentación de ofertas para la contratación de asistencia técnica para la realización de cursos de formación de la \_\_\_\_\_"; deberá contener la siguiente datos:
  - Descripción de la metodología de organización y gestión del proyecto, así como del contenido y módulos de los que constará cada curso.
  - Profesorado, y titulación.
  - Descripción de los recursos destinados a la impartición de las actividades.
  - **Relación del material didáctico a entregar a los alumnos.**
  - **Propuesta de seguros.**
  - Propuesta de cronograma de ejecución.
  - Posibles mejoras

...

## **7.- APERTURA DE PLICAS**

La Mesa de Contratación, en acto que tendrá lugar a las 10 horas del **día hábil siguiente al de finalización del plazo de presentación de proposiciones** -que si coincidiera en festivo se realizará **el primer día hábil siguiente**- procederá al examen de la documentación presentada por los licitadores en el sobre, indicando los licitadores excluidos, las causas de exclusión y demás observaciones que serán recogidas en el Acta.

## **8.- CRITERIOS BASE PARA LA ADJUDICACIÓN**

Los criterios que servirán de base para la adjudicación de este procedimiento abierto, por orden decreciente de importancia, serán los siguientes:

- ▣ Menor precio, hasta un máximo de 2 puntos.
- ▣ Propuesta metodológica y de contenidos, hasta un máximo de 5 puntos.
- ▣ Mejoras ofertadas a las características mínimas exigidas, hasta un máximo de 3 puntos.
  - Se valorarán las siguientes mejoras:
    10. Diversidad horaria para la impartición de los cursos.
    11. **Entrega de material adicional.**
    12. Entrega de obsequios a los alumnos.
    13. Creación de una memoria gráfica del desarrollo del curso.
    14. Otras mejoras.

...

Entendiendo que os cambios propostos polos axentes sociais non supoñen ningun incremento do importe total do convenio nin variacións substanciais do obxecto do convenio nin en definitiva do proxecto IMOS TRABALLAR 2, todo o contrario estes cambios adaptarían este ANEXO II a normativa real vixente en materia de contratación.

Polo anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local a :

1º.- Aprobar a modificación do anexo II do Convenio asignado cos axentes sociais para o desenvolvemento das accións enmarcadas dentro do Proxecto "IMOS TRABALLAR 2", quedando do seguinte xeito:

...

## **5.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS O DE LAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

1. Fecha límite de presentación: 15 días naturales a contar desde el día siguiente al de la publicación del anuncio en el faro de Vigo. Si el último día del plazo coincidiera en domingo o festivo, se prorrogará el plazo hasta el primer día hábil siguiente.
2. Documentación a presentar: La documentación se presentará en sobre cerrado, lacrado y deberá tener la inscripción en el anverso "Para participar en concurso de presentación de ofertas para la contratación de asistencia técnica para la realización de cursos de formación de la "; deberá contener la siguiente datos:
  - Descripción de la metodología de organización y gestión del proyecto, así como del contenido y módulos de los que constará cada curso.
  - Profesorado, y titulación.
  - Descripción de los recursos destinados a la impartición de las actividades.
  - Propuesta de cronograma de ejecución.
  - Posibles mejoras

...

## **7.- APERTURA DE PLICAS**

La Mesa de Contratación, en acto que tendrá lugar a las 10 horas del quinto día hábil siguiente al de finalización del plazo de presentación de proposiciones -que si coincidiera en festivo se realizará el primer día hábil siguiente- procederá al examen de la documentación presentada por los licitadores en el sobre, indicando los licitadores excluidos, las causas de exclusión y demás observaciones que serán recogidas en el Acta.

## **8.- CRITERIOS BASE PARA LA ADJUDICACIÓN**

Los criterios que servirán de base para la adjudicación de este procedimiento abierto, por orden decreciente de importancia, serán los siguientes:

1. Menor precio, hasta un máximo de 2 puntos.
2. Propuesta metodológica y de contenidos, hasta un máximo de 5 puntos.
3. Mejoras ofertadas a las características mínimas exigidas, hasta un máximo de 3 puntos.

Se valorarán las siguientes mejoras:

15. Diversidad horaria para la impartición de los cursos.
16. Entrega de obsequios a los alumnos.
17. Creación de una memoria gráfica del desarrollo del curso.
18. Otras mejoras.

## **24(564).- CONTRATO MAIOR PARA A CONTRATACIÓN DIRIXIDA O DISEÑO E DEFINIÇÃO DE ALO MENOS TRES CIRCUITOS "PASEOS POLA ARQUITECTURA DE VIGO".EXPTE. 4250/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 7.05.12, conformado polo concelleiro de Comercio, Turismo e PYMES e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do 2.05.2012, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o expediente de contratación nº4250-104 conducente á contratación dirixida o deseño e definición de alo menos tres circuítos “paseos pola arquitectura de Vigo”
2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 11 de abril de 2012 e o prego de cláusulas administrativas de data 23 de abril de 2012 de condicións que rexerán a contratación das accións dirixidas ao deseño e definición de “Paseos pola arquitectura de Vigo” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 23 de decembro de 2012.
3. Autorizar o gasto por un importe de 70.800 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, de remanente, 4320.2270606 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do presuposto en vigor.
4. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**25(565).- CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A CONTRATACIÓN DE ORGANIZACIÓN DE VIAXES “BLOGGER TRIPS Y BREAKFAST 2.0”.EXPTE. 4267/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 7.05.12, conformado polo concelleiro de Comercio, Turismo e PYMES e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do 4.05.2012, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar os pregos de condicións que rexerán a contratación das accións dirixidas á organización integral de “Bloggers Trips e Breakfasts 2.0” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 23 de decembro de 2011.
2. Autorizar o gasto por un importe de 70.800 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 43202270606 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” para o vixente exercicio económico.
3. Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**26(566).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,20 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.